



BASES REGULADORAS DO CONCURSO ESCOLAR DE DEBUXO POSTAL NADAL 2021

A Concellería de Ensino e Cultura do Concello de Tui convoca un concurso infantil de postais de felicitación de Nadal coa finalidade de escoller a felicitación oficial do Concello de Tui e, paralelamente, fomentar a expresión artística, a creatividade e a participación activa da poboación infantil tudense nas tradicións do Nadal.

1.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a regulación, a participación e concesión de premios no concurso de debuxo escolar para a elección da Postal do Nadal do Concello de Tui para o ano 2021.

2.-Aplicación orzamentaria

Os gastos inherentes ao presente certame por un total de 260 euros se imputarán á partida orzamentaria 2021/1/334/48100/01.

3. Concorrenza competitiva

Os premios inherentes a este certame se concederán en réxime de concorrenza competitiva, previo estudio e valoración por parte do xurado.

4.- Temática

A temática deste concurso de debuxo escolar é "O NADAL EN TUI". O que se pretende é que os nenos e nenas do noso municipio, expresen a través dun debuxo o significado do Nadal e a súa relación co noso Concello. Será obrigatorio incluír na postal algunha referencia a Tui.

5.- Participantes

Poderán participar todos os nenos e nenas matriculados en Educación Primaria nos centros educativos radicados no municipio de Tui, tanto públicos coma concertados. Cada participante presentará un único traballo. Os alumnos/as interesados en participar entregarán os seus debuxos no seu respectivo centro escolar. A participación no concurso supón que os/as nenos/as participantes deberá contar coa autorización expresa do seu pai /nai ou titor legal, que actuará como representante do menor. Cada centro escollerá as doce mellores postais que serán as que envíen á Concellería de Ensino e Cultura do Concello de Tui para presentar ao xurado deste concurso de debuxo infantil.

6.- Condición dos traballos

O contido da postal debe ser orixinal e inédita. A técnica é libre, coa única condición de non presentar relevs, nin purpurinas ou outro material similar para facilitar a súa reprodución impresa



Excmo. Concello de Tui

7.- Tamaño.

O tamaño das postais non excederá o tamaño A5 (148 × 210 mm). O cumprimento desta base, terá carácter rigoroso e excluínte.

8.- Prazo.

O prazo de presentación de obras finalizará o día 30 de novembro de 2021 ás catorce horas.

9.- Lugar de entrega.

A entrega das obras participantes efectuarase no Rexistro da Casa do Concello de Tui (Praza do Concello, 1 – 36700 Tui) ou na Biblioteca Pública Municipal (Rúa Colón, 2 – 36700 Tui).

10.- Identificación.

Nas obras non aparecerá nin o nome, nin a firma do autor, debendo consignarse o mesmo ao dorso xunto ao curso e centro escolar.

11.- Exposición.

Cos carteis presentados ao concurso e que cumpran as Bases, o Concello reservarase a posibilidade de efectuar as exposicións públicas que estime convenientes

12.- Premios.

Se establecen os seguintes premios:

-3º premio de 50 € para consumir en establecementos comerciais do municipio e lote de libros

-2º premio de 70€ para consumir en establecementos de Tui e lote de libros

-1º premio de 100€ para consumir en establecementos comerciais do municipio, xunto a un lote de pinturas, bloc e material de pintura e un lote libros, valorado en 40 euros.

A obra gañadora do concurso será a postal do Nadal do Concello de Tui.

O importe do premio para consumo nun establecemento de Tui se abonará por parte do Concello de Tui, na conta bancaria do pai/nai ou titor legal do menor que actúe como representante do menor segundo a autorización aportada, debendo presentar factura que acredita a efectiva realización do gasto nos establecementos comerciais de Tui, antes do 21 de decembro de 2021.

O Concello de Tui adquire a postal gañadora e o/a autor/a premiado/a e os seus representantes legais outorgan, pola mera participación no concurso, ao Concello de Tui a propiedade en exclusiva de todos os dereitos económicos de propiedade intelectual inherentes á obra premiada. O Concello de Tui poderá libremente proceder a calquera forma de explotación da postal tales como a reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte taxible, ou intaxible, comprendendo, todas e cada unha das modalidades de



Excmo. Concello de Tui

explotación, incluíndose os dereitos de reprodución en calquera soporte ou formato, así como os dereitos de distribución e comunicación pública da obra, para a súa explotación comercial en todo o mundo. Queda expresamente incluída a emisión e transmisión on-line da obra e a súa posta a disposición a través das redes dixitais interactivas, tipo Internet. Igualmente o Concello poderá explotar a postal reproducido sobre calquera soporte de merchandising, ben directamente ou ben autorizando a un terceiro a explotación.

Igualmente o Concello de Tui queda facultado para introducir aquelas modificacións que resulten precisas na postal que resulte gañador para a súa edición e impresión.

O Concello de Tui mencionará sempre ao/a autor/a da postal gañadora salvo que se solicite expresamente permanecer no anonimato.

O gañador/a queda obrigado a asistir ao acto de entrega do premio se así lle fora requirido polo Concello de Tui.

13.- Xurado.

O Xurado será designado polo Excmo. Concello de Tui, quen, no seu día, fará pública a composición do mesmo. O Xurado poderá declarar deserto este Concurso. Previamente, por persoal do concello, se revisará o cumprimento das bases rexeitando todos aqueles carteis que non cumpran coas condicións establecidas nas presentes bases.

O xurado terá en conta unha serie de ítems á hora de valorar cada creación, cunha puntuación ata 50 puntos:

- Calidade técnica (ata 10 puntos)
- Carácter orixinal e innovador (ata 15 puntos)
- Capacidade para transmitir o significado do Nadal (ata 10 puntos)
- Inclusión dunha referencia á Tui e as súas tradicións de Nadal (ata 10 puntos)
- Facilitade de aplicación aos distintos soportes: papel, on-line, etc. (ata 5 puntos)

O Xurado estará composto por persoal corporativo, técnicos expertos e/ou afeccionados de prestixio na materia, designados pola Alcaldía a proposta da Concellería de Ensino e Cultura, entre persoas do ámbito cultural ou entre aquelas que exerzan a súa profesión en temas relacionados coa educación, comunicación, arte, deseño, fotografía, etc. A presidencia honorífica de Xurado ostentaráa o Ilmo. Sr. Alcalde da Corporación ou persoa en quen delegue. No Xurado haberá un Secretario, con voz pero sen voto, e polo menos, un número de vogais non inferior a tres. O fallo do Xurado deberá considerarse inapelable. Os membros do xurado non poderán ser familiares dos concursantes nin estar comprendidos en causa de recusación dos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Xurado elevará o seu fallo ao órgano municipal competente, neste caso a Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación definitiva.

14.- Publicación de premiados.

O fallo do concurso farase público de acordo co artigo 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). Dado que se trata de actos integrantes dun procedemento de concorrencia competitiva, a práctica da notificación efectuarase, de conformidade co disposto no



apartado b) do artigo 45 LPACAP mediante o seu anuncio no Taboleiro de edictos e páxina web municipal.

15.- Normativa reguladora

En todo o non previsto polas presentes Bases reguladoras serán de aplicación as seguintes normas:

- a) Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- b) Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeneral de Subvencións.
- c) Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

16.- Protección de datos.

En cumprimento da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, os datos persoais que se faciliten, serán utilizados con fines de comunicación e en ningún caso serán utilizados con outra finalidade distinta á indicada nas presentes bases. O Concello de Tui é o responsable do tratamento dos datos aos efectos do previsto na Lei Orgánica 3/2008, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais.

17.- Aceptación.

A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións de Xurado. A organización resérvase o dereito a introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso

18.- Norma final:

En todos aqueles aspectos que non se encontren expresamente contemplados nas presentes bases o xurado queda facultado para a súa resolución, así como respecto de todas as cuestións que poidan suscitarse no desenvolvemento do concurso, incluídas as reclamacións que puideran xurdir en relación co premio concedido.